

Guía elemental para a escrita do galego



Normativa dos mínimos

Limiar

Por razóns históricas que a ninguén se lle escapan, aínda non está conseguido o desenvolvemento normal da nación galega. A imposibilidade manifesta de rexer con plenitude o propio destino (imposibilidade debida á opresión política, económica, cultural e lingüística que está a sufrir Galiza por parte do estado español) é un elemento fundamental para entendermos hoxe a situación do idioma.

Mália ser certo que nos últimos tempos o galego acadou certos espazos, aínda de maneira restrinxida, que até non hai moito lle eran vedados (televisión, xustiza...), tampouco é menos certo que, socialmente, no que atinxe ao seu uso, se produciu un retroceso patente. As propias estatísticas *oficiais* (Mapa Sociolingüístico) dan conta desta situación: a utilización do galego ao longo do século XX sofre unha míngua constatábel do monolingüismo en galego (de avós a netos), que está a levar ao risco do bilingüismo (desde logo nada harmónico, mália a estratéxia confusionista que neste senso está a manter o goberno do PP –e outras forzas estatais–) e, en consecuencia, a unha ameaza de progresiva españolización dos traballadores e traballadoras e da sociedade galega en xeral. Con todo, a lingua galega segue a ser moi maioritariamente a lingua que empregan os cidadáns e cidadás de Galiza, xa que dous terzos teñen o galego como a súa lingua habitual.

Tamén, e debido aos motivos históricos a que se aludia antes, cabería indicar que existe un problema evidente de alfabetización na nosa lingua de boa parte da poboación galega. Pense-se que a (tímida e insatisfactoria) incorporación do galego ao sistema educativo é bastante recente e que, polo mesmo, non afectou a moitos galegos, que foron educados en español, aínda tendo como única lingua de uso cotián a galega.

Estes dous problemas, a perda de usos do noso idioma e


o seu escaso coñecemento escrito por boa parte dos galegos e galegas, non están a ter solución por parte dos poderes públicos, os cais desprezan ou ignoran todo o que atinxe á nosa lingua e, por suposto, todo o que atinxe á identidade da nación galega. A Política Lingüística (?) que teima en levar a cabo a Xunta do PP, coa anuencia do goberno central, é de pura inanición para o galego: gastan-se centos de millóns en supostas actividades de promoción lingüística, de nula rendibilidade, e que van parar a intereses espúrios ben diferentes aos da extensión do galego (lembren-se as dúcias de millóns dados a empresarios que sistematicamente vetan calquer iniciativa a prol da lingua galega ou mesmo que reprimen o seu uso).

Cumpre-lle, pois, ao sindicalismo nacionalista, e ao nacionalismo en xeral, o sermos bandeira da normalización lingüística do noso pobo, actuando con absoluta coherencia e fidelidade ao idioma en todas as nosas actividades e liderando iniciativas reais de extensión do uso do galego.

Esta GUIA ELEMENTAL PARA A ESCRITA DO GALEGO, confeccionada polo Servizo de Normalización Lingüística da nosa central sindical e que hoxe editamos, pretende ser un instrumento máis na loita en favor da restauración plena de usos da lingua galega, xa que con ela temos a man un manual de consulta persoal para todos os compañeiros e compañeiras que queiran servir-se da nosa lingua con maior corrección e unha ferramenta útil para mellorarmos a calidade lingüística de todas aquelas comunicacións públicas da CIG.

Xan Carballo

Executiva Confederal da CIG



Ás voltas coa lingua

A nosa central sindical fixa entre os seus obxectivos o “pularmos pola completa normalización lingüística do idioma propio de Galiza”. E un dos principios de carácter xeral de que se dotou é a *normalización*, definida nos seguintes termos: “A CIG expresa-se en galego, o cal defende como único idioma oficial de Galiza e promove a súa completa normalización. Respeita o uso das distintas formas da escrita entre a súa afiliación”.

A prioridade, por tanto, que aparece reflectida (en asuntos de lingua) é o da normalización lingüística do galego, quer dicir, a súa extensión no uso social e asemade a súa mellor utilización, porque é ben sabido que prestixiar unha lingua pasa por falá-la en todos os contextos, mais tamén por utilizá-la coa maior corrección.

É certo que o galego vén arrastando unha *liorta normativa* que, ás veces, semella non ter fin, cousa esa, a da liorta, que é comun á historia de moitas outras linguas e de moitos outros países. Asi e todo, o grao de socialización deste conflito e a súa, en ocasións, absurda politización deu lugar a acedos enfrontamentos (alguns non superados) que en nada beneficiaron o avance social que precisa o noso idioma. Máis que nunca, cumpriria un verdadeiro consenso que xuntase na volta dunha norma para a nosa lingua a todas as persoas, colectivos, entidades, asociacións, partidos, etc., que manifestan día a día o seu compromiso co galego e con Galiza. Entrementes, a nosa central vén optando por se identificar coa chamada “normativa dos mínimos” ou “de consenso”, utilizada por un espectro social non pequeno e ben dinámico da sociedade galega.

Esta GUIA ELEMENTAL PARA A ESCRITA DO GALEGO que elaboramos no Servizo de Normalización Lingüística da CIG suxeita-se, pois, á normativa dos *mínimos*, mália a dificultade evidente que ten fixar un xeito estándar de grafar unha lingua e mesmo unha proposta de norma como a devan-

dita. Nós servimo-nos basicamente, tomando-as como referencia, de dúas publicacións: as *Orientacións para a escrita do noso idioma*, editadas pola AS-PG (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega) en 1980, e mais a *Nova Gramática para a aprendizaxe da lingua*, coordinada pola APLL (Asociación de Profesores de Língua e Literatura) e editada por Via Láctea en 1988. O resultado é a seguinte proposta básica, que debe tentar homoxeneizar ese pequeno caos lingüístico que percebe calquer persoa que mire atentamente as publicacións que dá á luz a nosa central sindical.

Finalmente, quixéramos lembrar que o Servizo de Normalización Lingüística está aberto a cantas consideracións se nos queiran formular ou propor, pois nalgunha medida o seu dinamismo indicará o compromiso radical da afiliación e das estruturas da central coa normalización e extensión de usos do noso idioma. Ao cabo, como homes e mulleres deste sindicato nacionalista e de clase, sabemos que na cuestión da lingua non podemos quedar nunha simple declaración de intencións e debemos ir máis aló. En definitiva, sabemos que o galego é demasiado importante como para andar ás voltas con el.

Rafa Villar

CIG-NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Usos dalgunhas letras

Alfabeto galego:

a, b, c, d, e, f, g, h, i, l, m, n, ñ, o, p, q, r, s, t, u, v, x, z.

Non pertencen ao alfabeto galego o j, o k, o w e o y.
Son letras que só se utilizan de xeito moi restrinxido:

Símbolos e siglas:

km = quilómetro; W = oeste...

Nomes estranxeiros:

Nova York; Keynes - keynesiano...

Palabras non adaptadas:

Rugby; Kremlin...

Letras

h

Levan h inicial palabras como:

Hoxe, horizonte, historia, Henrique, harmonia, hedra...

Non levan h inicial:

Achar, encher, ermo, irmán, irmandade, oco, ombro, orfo, ovo, inchar, ola (saúdo)...

Non existe h no meio de palabra:

Aí, baía, proibir, coerente, vehículo, alcohol, rehabilitación, adhesión, inumano, inábil... [agás en palabras unidas con guión: pre-histórico, sobre-humano...]

b, v

Levan b as acabadas en bel e derivados:

Posíbel, probábel, rendíbel... possibilidade, probabilidade, rendibilidade... posíbeis, probábeis, rendíbeis...

Tamén se escriben con b palabras como:

Baleiro, abril, branco, probar, pobre, febreiro, libre, libro, palabra, abondo, beira, ribeira, basco, árbore, deber, escribir, haber, nobre, polbo, raiba, albanel, embargo, rebentar, bolboreta, chibo, abutre, receber, desbotar, labor, sorber...

Os derivados de móbel:

Mobilización, imóbel, automóbel, imobilismo...

A terminación verbal en ba:

Xogaba, andábamos, berraban...

Pola contra, grafan-se con v palabras como:

Louvar, ouvear, varrer, avó, avogado, goberno, gobernamental, povo, gravar, gravata, pavillón, vermello, verniz, vulto, Cristovo, Estevo, varanda, escarvar, esvarar, envergadura, absolver...

Tamén se escriben con v os derivados de mover:

Movimento, movida, promover...

Grupos consonánticos:

mn; nm; nn

Aluno, calúnia, coluna, hino, solene, conivência, inovar, perene... Comover, emudecer, imóbil, imerso, inmigración, emenda...

Excepcións:

Amnistia, amnésico, omnipresente, indemnización, conosco, comunmente...

ct; cc

Cc e ct precedidos de i e u perden o c:

Conduto, conflito, produción, ditadura, tradutor, construción, vítima, vitoria... [exceptúan-se a esta norma cultismos como *ficción, adicción, adicto, veredicto, convicto, convicción, fricción...*]

Cc e ct precedidos de a, e ou o, como norma xeral, manteñen-se:

Obxecto, obxectivo, dirección, conxectura, acción, reacción, proxecto, traxectoria, aspecto, nocturnidade, sector, sección, directo...

Perden o c palabras como:

Acidente, práctica, atitude, aceder, acésorio, ocidente...

Trocan o c por i ou u:

Suxeito, aceitar, reitor, leitor (leitura [pero: lectivo, leccionar...]), perfeito, perfeición, defeito (defeituoso [pero: defectivo, defectíbel...]), doutor, doutrina, feito [pero: efectuar, efectivo...], elección (eleito, eleitorado [pero: electivo]), respeito, respeitar, oitavo, seita [pero: sectário, sectarismo], outubro...

pt; pc; ps; pn

Como regra xeral, manteñen-se:

Aptitude, apto, réptil, hipnotizar, captar, captación, acepción, opción, exípcio, psicoloxía, psicanálise, pneumonia, pneumático...

Perde-se o p en palabras como:

Setembro, sétimo... Tamén nas acabadas en scrión e scrito: *descrición, inscrición, subscrición, adscrición; descrito, inscrito, subscrito, adscrito.*

Muda o p en i:

Aceptar, receita, conceito [pero: conceptual, concepción...]...

bl, cl, fl, gl, pl / br, cr, fr, gr, pr

Claro, clase, bloquear, exemplo, explicar, glória, planta, pluma, público, publicar, globo, fluído, duplicar...

Prazo, aprazar, branco, cravar, cumprir, dobrar, dobragar, empregar, escravo, fruta, frecha, frouxo, igrexa, obrigar, pracer, praia, prata, soprar, suprir [pero: suplente], recruta, regra, singradura, prazo...

X / S

Levan x:

Exame, exaltar, excelente, excepción, exclamar, exclusivo, existir, existir, experimento, explicar, expor, expropiar, exterior, extinguir, extraer, extraordinário, exacto, reflexión, auxilio, taxa, máximo...

Levan s:

Estratexia, esplendor, espontáneo, espléndido, estrutura, escéptico, espectador, estrear...

Escavar (escavación), escusa (escusar), espólio, esplanada, estender [pero: extensión, extenso], espremer, estranxeiro, extraño, estremeño, isento...

Outros grupos consonánticos:

A tendencia xeral é á súa conservación:

Abstractar, advertir, significar, dogmático, ignorante, instrución, significado, técnica, transmitir, consciencia, traslado, psicolóxica, constante, substancia, insubmisión...

Ainda que hai casos en que se perde o primeiro dos elementos:

Anédota, anedótico, Inácio...

Reglas de Acentuación*

* As maiúsculas tamén deben levar acento (seguindo as mesmas regras das minúsculas):

ÁFRICA; SAÚDE; ADMINISTRACIÓN; SECRETARIO

Palabras agudas (acento na última sílaba)

Levan acento gráfico as acabadas en a, e e o (+n, +s):

Café, camións, alguén, mazás, avó...

Nesta regra inclúen-se os verbos contraídos con pronome:

Contá-la, facé-lo...

Non levan acento gráfico as acabadas en i e u (+s) ou en consoante que non sexa nin n nin s:

Aquí, algun, levou, animais, tabus, así, xuvenis, papel, cantar, feliz, señor, ademais...

Palabras graves (acento na penúltima sílaba)

Levan acento gráfico as acabadas en i e u (seguidas ou non de consoante) e as acabadas en consoante distinta de n ou s (l, r, x e z):

Lápis, táxi, vírus, carácter, móbil, posíbel, tórax, González...

Levan acento gráfico i e u tónicos (precedidos de vogal) que formen sílaba en por si ou con s:

Aí, moíño, saúde, saída, raíces, baía, saía, ruído, miúdo, xuízo, Luís, país, egoísta...

Non levan acento gráfico i e u cando forman sílaba con consoante distinta de s ou con outra vogal:

Ainda, raiz, sair, Raul, triunfo, constituinte, xuíz... saiu, atribuíu, lingüista...

Non levan acento gráfico i e u tónicos ao non estaren precedidos de vogal:

Maria, rua, había, sua...

Palabras esdrúxulas (acento na antepenúltima sílaba)

Levan acento todas:

Área, bébedo, música, cámara, tóxico, pésame, traballábamos, collíamos...

Tamén se consideran esdrúxulas as acabadas en consoante + ia, ie, io, ua, ue, uo (seguida ou non de consoante) [son abundantes as acabadas en ácia, áncia, éncia, ícia, ício], con tonicidade na sílaba anterior, que é a que vai acentuada:

Língua, contínuo, resíduo, democrácia, ciéncia, secretário, cámbio, barbárie, bilíngüe...

Casos especiais

■ **Acento diacrítico** (que diferéncia palabras):

Á / a: *Dixo que a irmá ia á escola a Lugo.*

Dá / da: *Non dá nada da casa.*

É / e: *El é alto e ti es baixo.*

Fóra / fora: *Ela fora para fóra.*

Máis / mais: *Falou máis alto, mais ningún lle fixo caso.*

Nó / no: *Fixo un nó no cinto.*

Nós / nos: *Non nos dixeron que era para nós.*

Vén / ven: *Ela vén se eles non a ven.*

Vés / ves: *Se vés de Vigo en tren, non ves a ponte.*

Vós / vos: *Vós facedes o que vos peta.*

Póla / pola: *A pola vai pola outra póla.*

Pór / por: *Non hai que se pór así por iso.*

■ Palabras compostas:

Se non levan trazo seguen as mesmas regras que as simples:

Vaivén, ultramar...

Se levan trazo, cada elemento debe acentuar-se por separado:

Galego-portugués, ciencia-ficción...

Apañá-las, construí-lo; repartí-lo...

■ Palabras monosílabas

Non levan acento*:

Xa, fe, cans, tren, sol...

* Exceptuan-se a esta norma os monosílabos que deben levar acento diacrítico: á, dá, pór, só...

■ Advérbios acabados en mente

Non levan acento:

Fácil > facilmente.

Solidário > solidariamente.

Comun > comunmente.

■ Pronomes demostrativos, interrogativos e exclamativos:

Como norma xeral, non levan acento:

Este, ese, aquel, cal, como, quen, cando, canto, onde, (por) que...

Sinais de interrogación e exclamación

Prescinde-se normalmente do signo inicial e só se marca o final:

Onde estabas?

Vai-te xa!



O xénero das palabras

Palabras femininas

Son femininas as palabras acabadas en axe:

A porcentaxe, a viaxe, a aldraxe, a chantaxe, a home-naxe, a vantaxe...

Excepcións:

O traxe, o paxe, o garaxe.

Tamén son femininas:

A análise, a árbore, a calor, a cor, a cute, a desorde, a dor, a énfase, a frente, a marxe, a orde, a equipa, a orixe, a paréntese, a ponte, a suor, a vertixe, a auga, a arte...

Palabras masculinas:

Son masculinas as acabadas en ume:

O costume, o cume, o legume, o lume...

Excepcións:

A servidume, a acedume.

Tamén son masculinas:

O cárcere, o couce, o dote, o leite, o sangue, o ubre, o cal, o mel, o sal, o sinal, o labor, o nariz, o riso, o diadema, o estrataxema, o paradoxo, o samba...

Formación do plural (Regras)

Palabras acabadas en vocal ou en n + s:

Bisturi > bisturis.

Hindu > hindus.

Rei > reis.

Salón > salóns.

Capitán > capitáns....

Illó > illós.

Lei > leis.

Boi > bois.

Refén > reféns.

Acabadas en r, s e z + es:

Calor > calores

Lugués > lugueses

Veza > veces

Cor > cores

Capataz > capataces

Feliz > felices...

Excepcións:

O martes > os martes O lapis > os lapis

Acabadas en l:

Acabadas en al, el, ol, ul > ais, eis, ois, uis:

Nacional > nacionais

Caracol > caracois

Caníbal > caníbais

Túnel > túneis...

Papel > papeis

Azul > azuis

Posíbel > posíbeis

Excepcións:

Aquel > aqueles

Cónsul > cónsules

■ **Acabadas en il:**

Palabras agudas il > is:

Civil > civis

Barril > barris...

Infantil > infantis

Palabras graves il > eis:

Fácil > fáceis

Fósil > fóseis

Réptil > répteis...

Difícil > difíceis

Útil > úteis

Palabras monosílabas. Por regra xeral + es:

fol > foles

Mel > meles

Val > vales

El > eles...

Excepcións:

Sal > sais Sol > sois



Terminacións e comezos de palabras problemáticas

Palabras acabadas en *aria**:

* Ainda que na fala a terminación mais comun destas palabras é en *eria*, na escrita preferir-se a terminación *aria*.
Non é correcta a terminación *eiria*: *libreiria, enfermeiria...*

■ Acabadas en *aria* (a maior parte):

Libraria, secretaria, consellaria, drogaria, enfermaria...

■ Acabadas en *eria* ou *aria*:

Bateria, cristaleria, galeria...

Acabadas en *bel**:

* A terminación comun na fala é *ble* (*favorable...*), mais na escrita vai-se optar pola forma *bel* (*favorábel...*).

■ Acabadas en *ábel*; *íbel*:

Aceitábel, amábel, considerábel, denunciábel, estábel, favorábel, razoábel, críbel, exixíbel, preferíbel, posíbel...

Plural: *ábeis*; *íbeis*:

Aceitábeis, amábeis, considerábeis, denunciábeis, estábeis, favorábeis, razoábeis, críbeis, exixíbeis, preferíbeis, posíbeis...

■ Acabadas en *ébel*; *óbel*; *úbel*:

Indelébel, móbel (automóbel, imóbel), solúbel (insolúbel, irresolúbel), volúbel...

Plural: ébeis; óbeis; íbeis:
*Indelébeis, móbeis (automóbeis, imóbeis), solúbeis
(insolúbeis, irresolúbeis), volúbeis...*

Acabadas en cia, cio / za, zo:

■ Acabadas en cia, cio (maioritárias):

*Audácia, falácia, palácio, noticia, iníicio, negócio, dúcia...
Belixerância, distância, relevância, vixilância...
eséncia, xeréncia...
Audiéncia, ciéncia, eficiéncia, paciéncia, suficiéncia*...
Siléncio, denúncia, anúncio...
Comércio, consórcio, divórcio...*

* Mália haber tendéncia da língua popular a eliminar o i da terminación iéncia: *Céncia, pacéncia...*, a língua culta conserva o i: *Ciéncia, paciéncia...* (pero: *aparéncia*).

■ Acabadas en za, zo:

En aza:
Graza (desgraza, desgrazado [pero: agraciá]).

En azo:
Cansazo, espazo [pero: espacia], pazo.

En eza:
Avareza, Veneza [pero: veneciano].

En ezo:
Prezo (aprezo, desprezo, desprezar, prezar, menosprezar [pero: apreciar, apreciábel, deprecia]).

En iza:

*Cobiza (cobizar, cobizoso), xustiza (inxustiza, xusticeiro), Galiza**.

* A forma viva na fala é *Galicia*, mais por coherencia histórica do nacionalismo, e por ser hoxe a forma do portugués actual (frente á española *Galicia*), opta-se por *Galiza*.
Non parece moi recomendábel o uso con artigo: *A Galiza, Na Galiza*

En izo:

Servizo, xuízo (prexuízo).

En anza:

Franza, militanza, perseveranza, finanza (financeiro).

En enza:

Avenza, convalecenza, crenza, diferenza (indiferenza [pero: diferenciar, diferenciábel, diferencial, diferenciación]), doenza, licenza [pero: licenciado, licenciatura], nacenza (renacenza), pertenza, presenza [pero: presenciar], querenza, sentenza [pero: sentenciar].

En erzo:

Terzo (terza, terzar [pero: terciário]).

Acabadas en ente, iente, inte:

■ En ente:

Verbos en er:

Ardente, combatente, corrente, escribente, fervente, pertencente, vertente, vivente...

Verbos en ir:

Adquirente, atraente, concernente, dormente; lucente (relucente), servente... afluente, congruente, consecuente, influente...

■ En iente

Ambiente, consciente, deficiente, ingrediente, paciente, suficiente...

Conveniente (inconveniente), interviniente, proveniente, expediente, nutriente, sobresaliente...

■ En inte:

seguinte, contribuinte, constituinte, sainte...

Acabadas en iño, iña, iñar / ino/ ina/ inar:

■ En iño, iña, iñar (menos abundantes):

Andoriña, piña, toniña, baíña, cociña, espiña, raíña...

Aliño, golfiño, adiviño, biscaiño, comiño, daniño, mariño, meiriño, mesquiño, moíño, pergamiño, sete-mesiño, torbeliño, viciño...

Acarriñar, adiviñar, aliñar, embaiñar, subliñar...

■ En ino, ina, inar (máis abundantes):

Bucina, cortina, esquina, gabardina, medicina, oficina, rapina...

Asasino, destino, divino, ensino...

Asasinar, destinar, determinar...

Acabadas en án, á / ano, ana:

■ En án, á (menos abundantes):

Aldeán, aldeá; ancián, anciá; castelán, castelá; cidadán, cidadá; irmán, irmá; san, sa...

Tamén acaban en án: *Man, verán...*

E en á: *Mañá, mazá, ra...*

■ **En ano, ana** (máis comuns):

Americano, americana; humano, humana; paisano, paisana; republicano, republicana; romano, romana; urbano, urbana; veterano, veterana...

Tamén acaba en ana: *semana*

Acabadas en idade / iedade:

■ **En idade** (maioria):

Ambigüidade, antigüidade, brevidade, enfermidade, falsidade, gravidade, mocidade, novidade, idade, soidade...

■ **En iedade:**

solidariedade, neciedade, ansiedade, saciedade, arbitrariedade, obrigatoriedade, seriedade...

Acabadas en dade / tade:

■ **En dade** (maioria):

En rdade:

Herdade, verdade, puberdade, liberdade...

En ldade:

Crueldade, igualdade, dificultade, facultade, lealdade...

En ndade:

Bondade, divindade, irmandade... [pero: vontade]

■ **En tade:**

En stade:

maxestade, potestade...

metade, vontade...

Acabadas en eira, eiro / era, ero:

■ En eira, eiro (máis abundantes):

*Barreira, cafeteira, liteira, mangueira, palmeira...
Brasileiro, inteiro, obreiro, sendeiro, xardineiro, xusticeiro,
financieiro...*

■ En era, ero:

*Cera, esfera, atmosfera, espera, galera, pantera, quimera,
primavera...
Bolero, salero, sincero...*

Outras terminacións:

■ Acabadas en se, xe, ite, te, pole:

*Análise, antítese, crise, dose, énfase, hipótese, parálise,
psicose, síntese, tese, praxe, sintaxe, apendicite,
hepatite, diabete, metrópole...*

■ Acabadas en isar:

Analisar, paralisar...

■ Acabadas en imento:

Verbos en ir:

*Cumprimento, descubrimento, divertimento,
sentimento...*

Verbos en er:

*Acontecemento, agradecemento, coñecemento, desenvolvemento,
mantimento, movemento, nacemento, procedemento,
recebimento, recoñecemento, rendimento...*

Contracciones

Preposición en:

En + o, a, os, as:

No, na, nos, nas.

En + un, unha, uns, unhas:

Nun, nunha, nuns, nunhas.

En + este... ese... aquel... isto, iso, aquilo:

Neste... nese... naquel... nisto, niso, naquilo.

En + outro... algun, algunha... alguén, algo:

Noutro... nalgun, nalgunha... nalguén, nalgo.

En + el, ela, eles, elas:

Nel, nela, neles, nelas.

Preposición de:

de + o, a, os, as:

Do, da, dos, das.

De + un, unha, uns, unhas:

Dun, dunha, duns, dunhas.

De + este... ese... aquel... isto, iso, aquilo:

Deste... dese... daquel... disto, diso, daquilo.

De + outro... algun, algunha... alguén, algo:

Doutro... dalgun, dalgunha... dalguén, dalgo.

De + el, ela, eles, elas:

Del, dela, deles, delas.

De + aqui, ali, aí:

Daqui, dali, daí. [Tamén se admite: *de aqui, de ali, de aí*]

Preposición por:

Por + o, a, os, as:

Polo, pola, polos, polas.

Preposición con:

con + o, a, os, as:

Co, coa, cos, coas.

Con + un, unha, uns, unhas:

Cun, cunha, cuns, cunhas.

Preposición a:

a + o, a, os, as:

Ao, á, aos, ás.

Demostrativos este, ese, aquel + outro, outra, outros,

outras:

Estoutro, estoutra... esoutro, esoutra..., aqueloutro, aqueloutra...

Galiza

O artigo determinado -o, a, os, as- (Observacións)

Despois de formas verbais rematadas en r e s; dos pronomes nos, vos, lles e nós, vós; de ambos, ambas; todos, todas; e mais e tras, hai unha tendencia moi estendida na fala a pronunciar ese son s ou r final como l. Con todo, esta tendencia non se debe representar no galego escrito [contra a opinión da normativa ILG-RAG (norma “oficial”), que argumenta a prol do seu reflexo escrito]:

Norma “mínimos”

Abrir a porta
Colles as cousas
Nós os dous
Todas as tardes
Ambos os irmáns
Tras a porta

Norma “oficial”

Abri-la porta
Cólle-las cousas
Nó-los dous
Tódalas tardes
Ámbolos irmáns
Trala porta

É obrigatorio o uso do artigo determinado diante de posesivo (meu, teu, seu, noso, voso...) + nome:

Esta é a miña casa.

Non: *Esta é miña casa*

Como excepción a esta norma, pode-se citar o caso dos nomes de parentesco: Túa nai é meiga

Demostrativos

Este, estes, esta, estas / isto.

Ese, eses, esa, esas / iso.

Aquel, aquellos, aquella, aquellas / aquilo.

Ainda que na fala existan: *esto, eso, aquello; iste, ise; estos...*, na escrita aparecerán as formas arriba indicadas



Sobre os verbos en galego

Primeira

Non existen verbos compostos con haber (haber + participio)

Dixera > Non había dito.

Faláramos > Non habíamos falado...

Segunda

- Os verbos acabados en *cer* (agás *facere* e *dicer*) son regulares:

Agradezo > Non agradezco.

Conduzas > Non conduzcas...

- Os rematados en *ucir* tamén son regulares:

Conducin, conduciu > Non conducen, conduxo.

Reproducin, reproduciu > Non reproducen, reproduxo.

- Os rematados en *uir* son do mesmo xeito regulares:

Incluo, inclues, inclue... incluen > Non incluío, incluíes, incluíe... inclúen.

Constituo, constitues, constitue... constitúen > Non constituíu, constituíes, constituíe... constituíen.

Terceira

- Son verbos acabados en *er* (2ª conxugación):

Acabados en *bater*, *romper*, *verter*, *querer*, *ceber*:

Bater, combater, rebater, debater, abater; concorrer,

discorrer, escorrer, percorrer, recorrer, transcorrer; interromper, irromper, prorromper; verter, converter, inverter, perverter, reverter, subverter (pero: advertir e divertir); requerer (pero: adquirir, inquirir); conceber, perceber, receber.

Arreponder, derreter, dicer, elexer, encher, erguer, escreber, espremer, tender, ferver, morrer, render, renxer, sofrer, toller, tremar, viver, xemer.

■ **Son verbos acabados en ir (3ª conxugación):**

Compelir, expelir, repelir, demolir; converxir, emerxir, dixir, submerxir; abstrair, atraír, detraír, distraír, extraír, retraír, retotaír, subtraír (pero: traer).

Cair, esvaír, posuir, investir, tosir, pedir, seguir, servir...

Cuarta

■ **Verbos acabados en ir con alternancia na raíz:**

Tipo servir:

Sirvo, serves, serve, servimos, servides, serven.

Igual que servir:

Sentir (asentir, consentir, resentir), seguir (conseguir, perseguir, proseguir), mentir (desmentir), ferir...

Tipo fuxir:

Fuxo, foxes, foxe, fuximos, fuxides, foxen.

Igual que fuxir:

Acudir, bulir, consumir, cuspir, lucir, xurdir, subir, sacudir...

E tamén: *cobrir (descobrir, encobrir, recobrir), dormir, engolir, tosir...*

Quinta

Ir + verbo en infinitivo:

Ir mercar, vai levar, imos facer

É incorrecto (Ir a + verbo en infinitivo):

Ir a mercar, vai a levar, vamos a facer



Pronome persoal

Colocación dos pronomes

- Os pronomes persoais átonos (obxecto directo ou indirecto) van colocados, por regra xeral, despois do verbo:

¿Pode-se? Dixo-me que non; Soubo-o de inmediato...
É inadmisíbel en galego: *¿Se pode?, Me dixo...*

- Mais hai unha serie de casos, como por exemplo os seguintes, en que isto non se cumpre e o pronome vai situado antes do verbo:

Nas frases negativas:

Non mo acepta; Nunca lle fai caso...

Cando os indefinidos (algo, alguén, ambos, bastante, calquera, mesmo, ningún...) van antes do verbo (xa que atraen o pronome canda eles):

Algo se sabe [comparar con: Sabe-se algo]; Calquera o coñece; Ninguén a atura...

Cando boa parte dos advérbios (acaso, incluso, xa, seica, aínda, axiña, só, sempre, ben, cedo, mal, tarde...) van antes do verbo:

Aínda o vin onte; Xa vo-lo dixen; Sempre nos chama; Ben o sabes...

Exceptúan-se: hoxe, mañá, onte, despois, antes...:

Hoxe vin-te; Mañá digo-cho; Despois falamo-lo...

Nas frases introducidas por exclamativos ou interrogativos (quen, que, cando, canto...):

Cando o viches? Quen te chamou? Canto lle gustou!

Nas frases dependentes doutras, normalmente introducidas por conxuncións (que, porque, como, para que...):

Espera que me escoite; Fixo-o como lle cadrou; Estivemos porque nos convidou...

■ Cando se trata dun infinitivo ou un xerúndio, dan-se varias posibilidades:

Infinitivo ou xerúndio despois de preposición (de, en, sen...). Duas posibilidades:

De me avisares = De avisares-me.

Sen se decatar = Sen decatar-se.

En nos xuntando = En xuntando-nos...

Infinito e xerúndio subordinado a un verbo principal.

Duas posibilidades:

Pode-se facer = Pode facer-se [pero non: Se pode facer]

Estou-no vendo = Estou vendo-o [pero non: O estou vendo]...

Verbo persoal e infinitivo ou xerúndio despois de negación (non, nunca...). Duas posibilidades:

Nunca o podería entender = Nunca podería entendé-lo;

Non me está vendo = Non está vendo-me...

Infinitivo subordinado a un verbo principal mediante conxunción (que) ou preposición (de). Tres posibilidades:

Hai-se que mover = Hai que se mover = Hai que mover-se

[pero non: Se hai que mover]. Debe-nos de escoitar = Debe de nos escoitar = Debe de escoitar-nos [pero non: Nos debe de escoitar]...

Unión do pronome ao verbo ou a outro pronome mediante trazo (-):

■ Utiliza-se o trazo (-) para unir un pronome persoal cando este vai colocado xusto despois do verbo:

Falar-me; dixo-nos; buscou-te; facer-se; contou-cho, levar-vos; propor-llo; emprestou-vo-lo...

Cando se trata do pronome nos e o verbo acaba en mos (1ª persoal do plural), perde-se o s do verbo:
Fagamo-nos; imo-nos; deixábamo-nos...

Utilización de -o, -a, -os, -as / -lo, -la, -los, -las / -no, -na, -nos, -nas.

Usa-se -lo, -la, -los, -las cando o verbo remata en r ou s:

Levar > *levá-los*. Coller > *collé-lo*.
Abrir > *abri-la*. Cantas > *canta-la*.
Collemos > *collemo-las*. Zurciades > *zurciade-lo...*

Usa-se -no, -na, -nos, -nas:

Cando o verbo acaba en ditongo (ai, ei, oi, eu, iu, ou) ou en n:

Colleu > *colleu-no*. Deixou > *deixou-nas*.
Fai > *fai-nos*. Viu > *viu-na...*

Cando o verbo acaba en n (perde-se este n):

Levan > leva-na. Agardaron > agardaro-nos...*

* É ben non confundir:

Agardaron + nos = *agardaron-nos* [a nós] / agardaron + os = *agardaro-nos* [a eles].

Usa-se -o, -a, -os, -as no resto dos casos:

Saúda > *saúda-o*.
Contaba > *contaba-os*.
Collo > *collo-as...*

- Utiliza-se o trazo (-) para unir un pronome persoal (nos, vos, lles) con outro pronome persoal (o, a, os, as):

Contar+nos+o > *contar-no-lo*.
Pediú+vós+as > *pediú-vo-las*.
Levas+lles+lo > *levas-lle-lo*.
Cantábades+ nos+a > *cantábades-no-la...*

Anexo 1 (Problemas lingüísticos)

Uso de x e non de i:

Conxuntura, non *coiuntura*. *Proxecto*, non *proiecto*
Traxecto, non *traiecto*...

Uso de ll e non de x:

Antollo, non *antoxo*. *Aparellador*, non *aparexador*.
Acobillo, non *cobixo*. *Baralla*, non *baraxa*.
Burbulla, non *burbuxa*. *Parella*, non *parexa*.
Partilla, non *partixa*...

Uso de l e non de ll:

Apelido, non *apellido*. *Apostilar*, non *apostillar*.
Argola, non *argolla*. *Atropelo*, non *atropello*.
Beleza, non *belleza*. *Calo*, non *callo*.
Camelo, non *camello*. *Capela*, non *capilla*.
Castela, non *Castilla*. *Colar*, non *collar*.
Costela, non *costilla*. *Crioulo*, non *criollo*.
Chanceler, non *canciller*. *Degolar*, non *degollar*.
Engolir, non *engullir*. *Estaleiro*, non *astilleiro*.
Falecer, non *fallecer*. *Querela*, non *querella*.
Selo, non *sello*. *Vasalo*, non *vasallo*.

Non levan l entre vogais:

Adiante (*adiantar*); *águia*, *anxo* [pero: *anxelica*]; *avoengo*, *cabaza* (*cabazo*, *cabaceira*); *cambra*; *ceo* [pero: *celestes*, *celestia*], *coar* (*coador*, *coadoiro*, *coadura*); *cor* (*corar*, *corante*, *corado* [pero: *colorido*, *colorista*, *coloración*, *colorir*, *colorar*, *decolorar*, *colorante*, *bicolor*, *incoloro*]); *dianteiro*; *dor* (*doer*, *doenza*, *doente*, *adoecer*, *dorido* [pero: *doloro*, *indolencia*, *indolente*]);

embigo [pero: *umbilical*]; *evanxeo* [pero: *evanxélico, evanxelizar, evanxelista*]; *gabián*; *ínsua*; *moa* (*moer*); *natureza* [pero: *naturalismo, naturalidade, naturalizar*]; *receo* (*recear, receoso*); *só* (*soa, soidade* [pero: *solitário*]); *sair* (*saída, sobresair* [pero: *sobresaliente*]); *saúdo* (*saúda, saudar, saudación*); *saúde* (*saudábel* [pero: *salubre, salubridade*]); *táboa* [pero: *taboleiro*]; *tea* (*tear* [pero: *telón*]); *veo* [pero: *vela, velañ*]; *vixiar* (*vixía, vixiante* (*adx.*) [pero: *vixilância, vixilante* (*subs.*)]); *voe* (*voar, voador, voante* (*adx.*) [pero: *volante* (*subst.*), *volátil*]); *vontade* [pero: *voluntário, voluntarioso, voluntariado, voluntariedade, involuntário*]; *xear* (*xeada* [*xelo, conxelar, conxelado, conxelador, xélido*]).

Uso de n e non de ñ:

<i>Albanel</i> , non <i>albañil</i> .	<i>Cabana</i> , non <i>cabaña</i> .
<i>Dano</i> , non <i>daño</i> .	<i>Destino</i> , non <i>destiño</i> .
<i>Dona</i> , non <i>doña</i> .	<i>Engano</i> , non <i>engañar</i> .
<i>Ganância</i> , non <i>gañância</i> .	<i>Inocente</i> , non <i>iñocente</i> .
<i>Oficina</i> , non <i>oficiña</i> .	<i>Pano</i> , non <i>pañño</i> .
<i>Pestana</i> , non <i>pestaña</i> .	<i>Rapina</i> , non <i>rapiña</i> .
<i>Signal</i> , non <i>señal</i> .	<i>Xardineiro</i> , non <i>xardiñeiro</i> .

Si levan ñ:

Entraña; enxeño; estaño; estraño; gañar; montaña; puño; torbeliño

Non levan n entre vogais:

Abotoar; *ameaza* (*ameazar, ameazador, ameazante*); *area* (*areal, areoso, areiro* [pero: *arenífero*]); *abotoar*; *amoestar* (*amoestación*); *amontoar* (*amontoado*); *apisoar* (*apisoadora*); *avea*; *balea*; *cadea* (*cadeado, encadear, encadeamento*); *campá* (*campaiña* [pero: *campanário, campaneiro, acampanañ*]), *cardeal* [pero: *cardinalício, cardinalato*]; *cea* (*cear* [pero: *cenáculo*]); *comadroa*; *conter* (*contido*); *coroar* (*coroar* [pero: *coronário*]); *deostar* (*deostado*); *freo* (*frear, desenfrear, re-*

frear); *doar* (*doazón, doador* [pero: *donativo*]); *empadroar* (*padroado, empadroamento* [pero: *padrón, patrono, patronal, patrocínio*]); *enseada*; *enxaboar*; *entoar* (*entoación, desentoar* [pero: *tónico*]); *estrea* (*estrear, reestrear*); *galardoar* (*galardoado*); *la* [pero: *lanar, laneiro, lanudo, lanuxe*]; *lagoa*; *latoeiro*; *limoeiro* (*limoada*); *lua* (*luar* [pero: *lunar, lunático*]); *moeda* (*moedeiro* [pero: *monetário*]); *mosteiro* [pero: *monástico*]; *órgao* [pero: *organizar, organización, organismo*]; *perdoar* (*perdoábel, imperdoábel*); *persoa* (*persoal, impersoal* [pero: *personalidade, personalismo, personalista, personalizar, personaxe, personificar, impersonalidade, impersonalizañ*]); *pregoar* (*pregoeiro*); *razoar* (*razoábel, razoamento* [pero: *racional, irracional, racionalizañ*]); *saba*; *serea*; *soar* (*soante, resoar, consoante* [pero: *sonoro, sonata, resonancia, consonancia, consonántico*]); *tebra* [pero: *tenebroso, tenebrista*]; *terreo* (*terreal*); *vaidade* (*vaidoso*); *vea* [pero: *venoso*]; *xerar* (*xeración, xerador* [pero: *dexenerar, dexeneración, rexenerar, rexeneración*]); *xeral* (*adx.*) [pero: *xeneral (subs.); xeneralizar; xeneralidade, xeneralización*]).

Si levan n entre vogais (ademais dos casos vistos arriba):

Abandonar; acondicionar; apaixonar; escena; escenário; centena; centenário; condena (condenar, condenado); ordenar (desordenar); prisioneiro; semana; sirena; sereno; trono; zona

Anexo 2 (Erros habituais)

Erro

correcto

A

Abogado
Abandoar
Abonar (pagar)
Acecho
Aceira
Achádego
Acorralar
Adivinar
Agotar
Ahí
Aislar
Albañil
Albarán
Alcantarilla
Aleación
Alemania
Alevosía
Alonxar
Alquilar
Ambente
Amenaza
Ámeto
Antigüedade
Antoxo
Ao efecto
Ao sumo
Apaixoado
A parte de
A partires de
A pesares de
Aplastar

avogado
abandonar
aboar
axexo
beirarrua, paseo
achado
acurralar
adiviñar
esgotar
aí
isolar, illar
albanel
albará
sumidoiro
aliaxe
Alemaña
aleivosía
afastar, arredar
alugar
ambiente
ameaza
ámbito
antigüidade
antollo
para o efecto
como moito
apaixonado
á parte de
a partir de
apesar de, mália
esmagar

Erro**correcto**

Aportar
Apunte
Arregrar
Arriesgar
Artículo
Asamblea
Asegún
Asesiño
Asimismo
A traverso
A veces
Avería
Averiguar
Axeno
Axuntamento

achegar, contribuir
apontamento
amañar, arranxar
arriscar
artigo
assemblea
segundo
asasino
asi mesmo
através
ás veces
avaria
pescudar, indagar
alleo
concello

B

Baraxa
Barniz
Basura
Beca [de estudos]
Brilar
Bulra
Bulto
Búsqueda

baralla
verniz
lixo
bolsa
brillar
burla, mofa
vulto
busca

C

Ca (contracción)
Calle
Calqueira
Cambeo
Campeón
Cansáncio
Cárcel
Carreteira
Cecais
Cese

coa
rua
calquer, calquera
cámbio
campión
cansazo
cárcere
estrada
quizá
cesamento

<i>Chamativo</i>	<i>rechamante</i>
<i>Chino</i>	<i>chinés</i>
<i>Cincoenta</i>	<i>cincuenta</i>
<i>Ciruxía</i>	<i>cirurxia</i>
<i>Cobixo</i>	<i>acobillo</i>
<i>Cofradía</i>	<i>confraria</i>
<i>Coiuntura</i>	<i>conxuntura</i>
<i>Colaboura</i>	<i>colaboración</i>
<i>Con arreglo a</i>	<i>de acordo con</i>
<i>Concellal</i>	<i>concelleiro/a</i>
<i>Concénzia</i>	<i>consciéncia</i>
<i>Condear</i>	<i>condenar</i>
<i>Connivénzia</i>	<i>conivénzia</i>
<i>Conquerir</i>	<i>conseguir</i>
<i>Conscente</i>	<i>consciente</i>
<i>Convertir</i>	<i>converter</i>
<i>Convinte</i>	<i>conveniente</i>
<i>Coñocer</i>	<i>coñecer</i>
<i>Corresponsal</i>	<i>correspondente</i>
<i>Corbata</i>	<i>gravata</i>
<i>Corto</i>	<i>curto</i>
<i>Coste</i>	<i>custo</i>
<i>Craro</i>	<i>claro</i>
<i>Crase</i>	<i>clase</i>
<i>Creénzia</i>	<i>crenza</i>
<i>Creer</i>	<i>crer</i>
<i>Crisis</i>	<i>crise</i>
<i>Cuatrimestre</i>	<i>cuadrimestre</i>
<i>Cumplir</i>	<i>cumprir</i>
<i>Curtar</i>	<i>cortar</i>
<i>Custión</i>	<i>cuestión</i>

D

<i>Dabondo</i>	<i>de abondo</i>
<i>Dacordo</i>	<i>de acordo</i>
<i>Debatir</i>	<i>debater</i>
<i>De elo</i>	<i>disto, diso</i>
<i>Dempóis</i>	<i>despois</i>

Erro**correcto**

Derogar
Desahucio
Desarrollar
Desarrollo
Descalificar
Desfallecer
Despido
Despilfarrar
Desplazar
Destiño
Deterioro
Dieta
Dimisión
Dimitir
Diñificar
Diputación
Diputado
Dirección [domicilio]
Disconforme
Discontinuo
Disculpa
Disfroitir
Disfrutar
Disgustar
Disminuir
Doblar
Donar
Donación
Doctrina
Duda
Dudar
Dulce

derrogar
desafuzamento
desenvolver
desenvolvimento
descualificar
desfalecer
despedimento
malgastar, dilapidar
desprazar
destino
deterioración
axuda de custo
dimisión
demitir
dignificar
deputación
deputado
endereço
desconforme
descontinuo
disculpa
desfrutar
desfrutar
desgustar
diminuir
dobrar
doar
doazón
doutrina
dúbida
dubidar
doce

E

Edade
Eiqui
Elabourar
Elo

idade
aqui
elaborar
isto, iso

Erro**correcto**

Emplear
En base a
Encender
Encuesta
Enemigo
Engañar
Enmenda
Entranas
Enxuiciar
Escalafón
Escaño
Escasez
Escea
Esclavo
Escomenzar
Esixir
Espíritu
Espranza
Estadística
Estos
Estrano
Estrenar
Evaluar
Excusar
Exemplo
Expedente
Exprimir
Extender
Extranxeiro

empregar
conforme a, segundo
acender, prender
enquisa
inimigo
enganar
emenda
entrañas
axuizar, xulgar
escala
escano
escaseza
escena
escravo
comezar
Exixir
espírito
esperanza
estadística
estes
estraño
estrear
avaliar
escusar
exemplo
expediente
espremer
estender
estranxeiro

F

Fallido
Fallo (1)

Fallo (2)
Fecha
Fechar
Fehaciente

frustrado, falido
dictame,
sentenza veredicto
erro
data
datar
fidedigno, evidente

Erro

correcto

Fidel
Financiación
Financieiro
Finiquitar
Firmar
Floxo
Frenar
Frol
Furna [votación]

fiel
financiamento
financeiro
liquidar, saldar
asinar
frouxo
frear
flor
urna

G

Ganar
Gaña
Gañancia
Garantizar
Gomitir
Grasa
Gubernamental

gañar
gana
ganancia
garantir
vomitir
graxa
governamental

H

Habida conta
Hacia
Hacinar
Heréncia
Hola
Homaxe
Humán

tendo en conta
cara a
amorear
herdanza
ola
homenaxe
humano/a

I

I (Conxunción)
Idiosincrécia
Iglesia
Igoal
Inconvinte
Incertidumbre
Incurrir

e
idiosincrásia
igreja
igual
inconveniente
incerteza
incorrer

Erro**correcto**

Inflacción
Ingredente
Inscripción
Insertar
Insumisión
Interés (1)
Interés (2) [banca]
Interrumpir
Inversión
Inxeneiro
Inxusticia
Iñocente
Iñorante
Ise
Iste
Ista

inflación
ingrediente
inscripción
insertar
insumisión
interese
xuro
interromper
investimento
enxeñeiro
inxustiza
inocente
ignorante
ese
este
esta

K

Kilogramo
Kilómetro
Kiosco

quilogramo (Kg)
quilómetro (Km)
quiosco

L

Lápiz
Leises
Lexos
Libertade
Línea
Língua
Lonxano

lápiz
leis
lonxe
liberdade
liña
língua
afastado, arredado

M

Maestro
Maniobra
Manteñer
Mañán

mestre
manobra
manter
mañá

Erro**correcto***Mediciña**medicina**Mentras**mentres**Mercancia**mercadoria**Mermar**minguar, diminuir**Mezclar**misturar, mesturar**Millor**mellor**Miragre**milagre**Mismo**mesmo**Mitade**metade**Montana**montaña**Movilización**mobilización**Muestreo**mostraxe**Muelle**peirao / resorte**Múseca**música***N***Nadie**ninguén**Naturaleza**natureza**Navidade**nadal**Nombrar**nomear**Noraboa**en hora boa, parabéns**Norde**norte**No seu caso**se é o caso**Novedade**novidade***O***Obedente**obediente**Obispo**bispo**Obligar**obrigar**Obxectivo**obxectivo**Octavo**oitavo**Octubre**outubro**Ocurrir**ocorrer**Oficiña**oficina**Ola**onda**Ordear**ordenar**Orgaización**organización*

Erro**correcto**

Orgulo
Orilla
Oscuro
Otorgar
Ouservar
Outo
Ouxetivo

orgullo
beira
escuro
outorgar
observar
alto
obxectivo

P

Pabellón
Paciente
Pagaré
Pago
Paíaso
Palanca
Paradoxa
Parexa
Párrafo
Pasillo
Patronato
Peiorativo
Pelea
Peligro
Pérdida
Perdonar
Permañecer
Persoalidade
Persoaxe
Persona
Personal
Perteñecer
Plan
Plantilla
Plegar
Pleito
Poblar
Polizón
Polvo

pavillón
paciente, doente
obriga de pagamento
pagamento
pallaso
panca
paradoxo
parella
parágrafo
corredor
padroado
pexorativo
pelexa
perigo
perda
perdoar
permanecer
personalidade
personaxe
persoa
persoal
pertencer
plano
cadro de persoal
pregar
preito
povoar
polisón
po

Erro**correcto***Poseedor**posuidor**Poseer**posuir**Pranta**planta**Pra**para**Presupuestario**orçamentário**Presuposto**orçamento / presuposto**Prevenir**previr**Primaveira**primavera**Primer**primeiro/a**Prisa**présa**Probe**pobre**Procesal**procesual**Profundizar**aprofundar, afondar**Proiecto**proyecto**Promédio**média, termo médio**Prorratar**ratear**Provinte**proveniente**Público**público**Pulpo**polbo***Q***Quenes**quen**Querella**querela**Quebra**quebra, creba**Quirúrxico**cirúrxico***R***Rapiña**rapina**Rasgo**trazo, risco**Razonar**razoar**Reanudar**perseguir, continuar**Rebatir**rebater**Recaudar**recadar, arrecadar**Recabar**solicitar, pedir**Receta**receita**Recrudescer**recruar**Recurrir**recorrer*

<i>Reemprazar</i>	<i>substituir</i>
<i>Refrendar</i>	<i>referendar</i>
<i>Reflexar</i>	<i>reflectir</i>
<i>Regla</i>	<i>regra</i>
<i>Reglamento</i>	<i>regulamento</i>
<i>Reinvindicación</i>	<i>reivindicación</i>
<i>Reir</i>	<i>rir</i>
<i>Reises</i>	<i>reis</i>
<i>Rellenar</i>	<i>encher, preencher</i>
<i>Renta</i>	<i>renda</i>
<i>Rentable</i>	<i>rendíbel</i>
<i>Republicán</i>	<i>republicano</i>
<i>Respaldar</i>	<i>apoiar</i>
<i>Resumen</i>	<i>resumo</i>
<i>Retrasar</i>	<i>atrasar, demorar</i>
<i>Reventar</i>	<i>rebentar</i>
<i>Revocar</i>	<i>revogar</i>
<i>Rexir</i>	<i>rexer</i>
<i>Riesgo</i>	<i>risco</i>
<i>Romeiria</i>	<i>romaxe, romaria</i>
<i>Rutinário</i>	<i>rotineiro</i>

S

<i>Sá</i>	<i>sala</i>
<i>Sabotear</i>	<i>sabotar</i>
<i>Salida</i>	<i>saída</i>
<i>Salir</i>	<i>sair</i>
<i>Saludar</i>	<i>saudar</i>
<i>Sanar</i>	<i>sandar</i>
<i>Sano</i>	<i>san</i>
<i>Segredario</i>	<i>secretário</i>
<i>Seguer</i>	<i>seguir</i>
<i>Según</i>	<i>segundo</i>
<i>Seitor</i>	<i>sector</i>
<i>Semán</i>	<i>semana</i>
<i>Sendos</i>	<i>senllos</i>
<i>Séptimo</i>	<i>sétimo</i>
<i>Server</i>	<i>servir</i>

Erro

correcto

Silenzo

siléncio

Sin

sen

Sinceiro

sincero

Siniestro

sinistro

Sinón

senón

Siñificar

significar

Sobor

sobre

Soborno

suborno

Sobresainte

sobresaliente

Soio

só

Soler

adoitar, acostumar

Solidaridade

solidariedade

Somentes

somente, soamente

Sonar

soar

Sondeo

sondaxe

Sonido

son

Subasta

poxa

Subdesenrolo

subdesenvolvimento

Subraiar

subliñar

Subsanar

emendar, reparar

Suficiente

suficiente

Suministro

subministración

Supervivinte

sobrevivente

Suxección

suxeición

Suxerencia

suxestión

T

Tableiro

taboleiro

Taladro

trade

Taxante

tallante

Temblar

tremar

Tercer

terceiro/a

Término

termo

Testigo

testemuña

Testimonio

testemuño

Tíduo

título

Todavía

ainda

Todo elo

todo iso

Erro**correcto**

Traición
Traicionar
Traiecto
Trunfar
Tumbar
Turno

traizón
traizoar
traxecto
triunfar
tombar
quenda, vez

U

Ubicación
Üneco
Urbán
Usté

localización, situación
único
urbano/a
vosté

V

Vacuna
Ventaxa
Verquer
Verquido
Vértigo
Víspera
Visto bó
Viudez
Viudo
Vixianza
Vixilar
Voluntade
Vuelo

vacina
vantaxe
verter
vertido
vertixe
véspera
visto e prace
viuvez
viúvo
vixiláncia
vixiar
vontade
voo

X

Xardiñeiro
Xeneración
Xenerar
Xeralizar
Xuez
Xuicio
Xulio
Xunio

xardineiro
xeración
xerar
xeneralizar
xuiz
xuízo
xullo
xuño

Erro

correcto

Xuzgado

Xuzgar

xulgado

xulgar

Z

Zanxar

Zarpa

Zoa

resolver, concluir

gadoupa, pouta

zona

CIG-NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Pérez Costanti nº 18 baixo
15702- Santiago de Compostela

Teléfono: (981) 56 43 00
Fax: (981) 57 10 82